

### Perdidos na galaxia

As mans suorentas dos dous tripulantes da nave aferrábanse con ansia ás pancas de mando. Perderan o control da velocidade e ían disparados! Por todas as fiestras da nave espacial, á dereita e á esquerda, por diante e por detrás, estrelas e planetas desfilaban sen descanso a unha velocidade de vertixe.

–Estoume mareando... –murmurou Iria.

–Aguanta! –animouna Pedro, o seu compañeiro de voo.

Tratando de seguir a recomendación de Pedro, Iria pechou os ollos. Aquela explosión constante de luz e cor volvíaa tola. Era como ter fogos de artifício dentro da cabeza!


Ao cabo dun anaco, unha exclamación angustiada de Pedro fíxolle abrir de novo os ollos.

–Que? –preguntou Iria, ansiosa.

–Saímos do sistema solar! –exclamou Pedro, nervioso.

Iria atreveuse a mirar a través dos vidros e tivo que lle dar a razón. A nave, fóra de control, atravesara os límites do sistema solar e agora estaban perdidos na galaxia. Unha galaxia inmensa da que ninguén regresara xamais...

De súpeto, o ruído dunha sirena inundoulles o cerebro. A nave espacial detívose en seco e fíxoos cambalear. Iria e Pedro, un pouco pálidos pero cun sorriso de orella a orella, pediron a berros volver subir ao simulador de voo. Era a mellor atracción da festa!



#### 1 Risca a oración incorrecta de cada parella.

- ~~Iria e Pedro fixeron unha viaxe real polo espazo.~~
- Iria e Pedro fixeron unha viaxe virtual polo espazo.
- Os dous rapaces eran tripulantes dunha nave espacial.
- ~~Os dous rapaces eran pasaxeiros dunha nave espacial.~~
- ~~A nave xiraba arredor dun planeta.~~
- A nave voaba veloz entre estrelas e planetas.
- A viaxe acabou cando se sentiu o ruído da sirena.
- ~~A viaxe acabou cando a nave chegou ao seu destino.~~

